

ARTE GÓTICA

EDIFICIO: ANUNCIACIÓN E VISITACIÓN (CATEDRAL DE REIMS)

AUTOR: “Mestre do sorriso” e “Mestre clasicista”

COMITENTE: Bispo de Reims, que dirixe e promociona as obras

CRONOLOXÍA: 1211-1300

ESTILO: Gótico clásico

TIPOLOXÍA: Catedral

TEMA: Bíblico

LOCALIZACIÓN: Reims (Francia)



DESCRICIÓN FORMAL

O grupo escultórico da Anunciación e da Visitación sitúase na xamba dereita da porta central da fachada occidental da Catedral de Reims, na que se desenvolve un completo programa iconográfico de temática mariana. Trátase dunha portada monumental que contén os elementos construtivos constantes neste tipo de edificios góticos. A arquitectura segue a ser o marco propio da escultura, porén o Gótico variou dita relación xa que a distribución da escultura é menos caótica. Nas xambas e no parteluz, aínda que as figuras estivesen adosadas a soportes arquitectónicos, estas tenden a saír e adquirir un volume completo. Os doseletes que protexen algunhas estatuas e as peanas, incrementan este efecto de independencia. As esculturas gañan tamaño e melloran as proporcións, teñen expresividade, actitude dialogante, xa que con frecuencia forman grupos de gran forza expresiva.

Nesta xamba atopamos dous mestres:

- *Mestre do Sorriso*. Realiza o grupo da *Anunciación*, é o momento no que o Anxo anuncia a María a súa maternidade. Está inspirado polos modelos cortesáns de arte amable e reflicte o paso do Románico ao Gótico. As características son:
 - Naturalismo evidente na humanización das actitudes. O anxo sorrí, mentres que María permanece en actitude humilde.
 - Solemnidade, en relación coa transcendencia do representado.
 - Independízanse do marco arquitectónico.
 - Están sobre unha peana.

- *Mestre clasicista*. Realiza o grupo da *Visitación*, co momento do encontro entre María e Isabel, embarazadas. Ámbalas dúas comparten a postura do contraposto; as súas cabezas inclínanse e as súas mans xesticulan; os rostros son expresivos e diferenciados; as roupas, modeladas e de pregues profundos, envolven os corpos. As dúas relaciónanse entre sí.

É un conxunto escultórico característico e representativo do S.XIII cos trazos propios do Gótico tanto na temática da vida de María como no tratamento das figuras. O maior volume vai acompañado dun alto grao de naturalismo nas formas, nos xestos e nas expresións dos rostros. As figuras están relacionadas entre si buscando o sentido narrativo. Advírtese a evolución do estilo se comparamos a escena da Anunciación coa da Visitación. Na primeira as figuras teñen un canon máis longo e estilizado e seguen modelos ideais de representación. Na segunda o grao de naturalismo e de individualización das formas é maior, polo que o encadramos no Gótico clásico.

TEMÁTICA

No Gótico cobran relevancia os temas sobre a Virxe María, o pranto por Cristo morto, a Piedade, a Anunciación e a Visitación. O Evanxelio de San Lucas relata estes dous episodios do Novo Testamento, distintos pero relacionados cronoloxicamente.

MODELOS E INFLUENCIAS

En Reims apréciase a evolución dunha nova concepción escultórica, ligada aínda á arquitectura, pero cunhas figuras case de vulto redondo, que xa non están adosadas ás columnas, pois teñen un maior naturalismo e expresividade, que xa adiantaban algúns conxuntos escultóricos románicos (Pórtico da Gloria de Santiago de Compostela). Esta corrente do *estilo elegante* acabaría co tempo por converterse na fórmula predominante dentro da escultura máis apoteósica do Gótico. E na mesma catedral de Reims áchase outro dos fitos desta arte, no interior está o grupo escultórico de Melquisedec e Abraham que se realizaría con posterioridade (1251).

COMENTARIO

A partir do S.XII, danse unha serie de cambios culturais e sociais na Idade Media de tal importancia que se tende a separar a Idade Media en Alta e Baixa Idade Media. Coinciden o renacer do comercio, o auxo da burguesía, o renacemento das cidades, a aparición de novas universidades, a acumulación de poder na burguesía, a aparición de ordes mendicantes. Estes cambios, xunto ás novas concepcións relixiosas do Abad Suger, levaban inexorablemente a un cambio nas manifestacións artísticas que substituísen ao Románico.

A catedral gótica convértese no símbolo por excelencia desta mentalidade relixiosa e polo tanto dos valores da cidade medieval. Prodúcese un cambio tanto na estética como na iconografía, debido á nova concepción relixiosa que ten unha visión máis optimista. A este achegamento e amor pola natureza contribúe a predicación franciscana coa súa nova mensaxe relixiosa: Deus é o Creador da natureza, polo que esta é boa e amándoa rendemos culto ao seu autor. Aínda que hai algúns exemplos de escultura exenta, a escultura gótica segue estando ao servizo da arquitectura, cunha función didáctica principalmente, e decorando fundamentalmente as portadas dos templos, aínda que cunha maior independencia do marco arquitectónico.

CONCLUSIÓN

A pesar das diferenzas existentes entre os dous grupos analizados, obra de autores diferentes, con todo, podemos observar como común en ámbolos dous grupos o avance cara ao naturalismo, a expresividade, a comunicación entre as esculturas, a independencia da mesma do marco arquitectónico, así como a volta ao mundo clásico como referente do grupo da Visitación. Por último, o sorriso do Anxo de Reims é todo un manifesto dunha concepción máis optimista e amable da Relixión e a Redención a través de Xesús afastándose do terror milenarista que impregnara gran parte da escultura románica.